

# ENCLAVE DE CÁMARA MANUAL PARA PRINCIPIANTES

Queres asistir a un concerto de música clásica pero a túa inexperiencia bótate para atrás? Non te preocupes, con este manual poderás gozar ao máximo dos concertos do Enclave!



## E cando estea xa no concerto?

A norma número 1 é que hai que ser puntual, xa que se o concerto comezou non poderás acceder á sala. Non está permitido comer, beber nin sacar fotografías. Lembra tamén silenciar o móbil.

Ten en conta que adoita haber unha pausa de 5 - 10 min na metade do concerto para que o artista(s) descanse. Así que tampouco marches moi lonxe.

## Antes de nada, a música de cámara que vén sendo?

Dende o S. XVII é a música composta para un pequeno grupo de instrumentos e para ser interpretada en pequenas estancias con audiencias limitadas.

Os músicos adoitan situarse de xeito que se poidan ver entre si, xa que non hai director/a e o carácter íntimo da obra fai que para os compositores, a música de cámara sexa o máis xenuíno da súa creación.



## É a miña primeira vez... como saber a que concerto ir?

Faino doado e escolle un repertorio de compositores que che sonen. De Mozart, Haydn, Bach, Tchaikovsky seguro que xa escoitaches algo. Porque en realidade, sabes máis de música clásica do que cres.

Ler algo sobre a vida do compositor ou escoitar as pezas que se van tocar axudarache a gozar do concerto. E non te preocupes, porque de seguro que todas están en Youtube...



## E que me poño?

Roupa. Verás algunhas persoas moi elegantes, pero no Enclave non hai código de vestimenta, así que nada de etiqueta. O importante é que te gustes e esteas cómodo/a.



## As entradas para o ciclo onde se mercan?

Pódelas mercar en [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com) ou antes do concerto na propia billeteira do Teatro Principal. Tanto nun sitio coma no outro poderás escoller onde te queres sentar. E do prezo non pode haber queixa, que a máis cara é de 8 € ...



## Vale, pero... cando se aplaude?

A obra dun compositor funciona como unha historia formada por varios capítulos ou movementos. Por iso é moito mellor aplaudir unha vez remate a obra completa, e non entre cada un dos movementos. Deste xeito, permitímoslle aos músicos contarnos a historia completa sen interrupcións.

Na entrada do teatro daranche o programa, e alí poderás ver cantos movementos ten cada unha das obras que se van interpretar. Pero que isto non che quite o sono, pois sempre podes aplaudir -se queres, claro- cando o faga o resto da xente.